



**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 30/10/2020 10:44:46

**SAIDA**

**12977/20**



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]  
[REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 49/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED],

mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 16 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación [REDACTED]

[REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de abril de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 13 de abril de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre solicitudes de donativos mediante campañas de publicidade.



A entidade reclamante alega que solicitou información e documentación pública sobre solicitude de donativos mediante campañas de publicidade pedindo diñeiro aos cidadáns a través de 4 entidades bancarias baixo a xustificación do coronavirus e que se vulneraron os seus dereitos de acceso á información por inadmitir sen mais a solicitude presentada.

**Segundo.-** Con data do 20 de abril de 2020, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xuño de 2020. A solicitude de remisión de informe reiterouse con data do 1 de xullo de 2020.

**Terceiro.** Mediante correo electrónico do 21 de setembro de 2020, a Consellería de Sanidade comunica que a Dirección Xeral de Recursos Económicos lle remitirá información sobre os donativos.

Con data do 14 de outubro de 2020, a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo copia do expediente e informado que o interesado solicitou información e documentación pública sobre solicitude de donativos mediante campañas de publicidade, pedindo diñeiro aos cidadáns a través de catro entidades bancarias baixo xustificación do coronavirus e a resposta dada pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade foi que nin por parte desta Consellería nin por parte da Xunta de Galicia solicitáronse os donativos nos termos expostos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.



#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación que consta no expediente, a resolución contra a que se reclama ten data do 13 de abril de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 16 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben porque se esta a solicitar información sobre unha actuación administrativa que non se produciu, o suxeito obrigado cumpre a súa obriga, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería de Sanidade respecto da información solicitada, por canto informa ao solicitante de forma expresa, mediante a inadmisión da súa solicitude, que nin por parte da Consellería nin por parte da Xunta de Galicia solicitáronse os donativos nos termos expostos .

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED]

[REDACTED] con data do 16 de abril de 2020, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 13 de abril de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre solicitudes de donativos mediante campañas de publicidade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.10.29 17:50:58 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia**